

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 6.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: LINGUA CASTELÁ

DATA: 09/05/2020

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Resáltanse con cor vermella os criterios de avaliación e os estándares relacionados coas **actividades de repaso, reforzo e recuperación**; os entroncados coas **actividades de ampliación** réalzanse con cor verde.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B1.8. B1.8.</b> Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	<b>LCB1.8.2.</b> Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais. <b>LCB1.8.3.</b> Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.
<b>B1.11.</b> Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.	<b>LCB1.11.1.</b> Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da Internet. <b>LCB1.11.3.</b> Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos.
<b>B2.2.</b> Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	<b>LCB2.2.2. LCB2.2.2.</b> Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).
<b>B2.3.</b> Ler por propia iniciativa e con diferentes finalidades textos de tipoloxía diversa.	<b>LCB2.3.1.</b> Programa de xeito autónomo un tempo semanal para ler diferentes textos. <b>LCB2.3.2.</b> Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade

	<p>persoal.</p>
<p><b>B2.4.</b> Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.</p>	<p><b>LCB2.4.2.</b> Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.</p> <p><b>LCB2.4.4.</b> Elabora esquemas a partir de textos expositivos.</p>
<p><b>B3.1.</b> Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.</p>	<p><b>LCB3.1.1. LCB3.1.1.</b> Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes...</p> <p><b>LCB3.1.3.</b> Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.</p>
<p><b>B3.2. B3.2.</b> Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.</p>	<p><b>LCB3.2.1.</b> Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.</p> <p><b>LCB3.2.2.</b> Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.</p> <p><b>LCB3.2.3.</b> Reproduce textos ditados con corrección.</p>

<b>B3.5.</b> Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.	<b>LCB3.5.1.</b> Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.
<b>B4.1.</b> Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	<b>LCB4.1.1. LCB4.1.1.</b> Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.
<b>B5.1.</b> Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.	<b>LCB5.1.1.</b> Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.
<b>B5.4.</b> Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	<b>LCB5.4.1.</b> Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.
<b>B5.5.</b> Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.	<b>LCB5.5.1.</b> Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas, tal e como se reflexa no Plan Xeral de Avaliación do centro.</p> <p>Realizarase tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- As aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres.</li><li>- As actividades de recuperación, repaso, reforzo e as de ampliación das aprendizaxes anteriores (1º e 2º trimestres) que se desenvolvan durante o terceiro trimestre. Esta avaliación do 3º trimestre servirá para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</li><li>- Análise e valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual do alumnado.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>- Instrumentos: Utilízanse distintos instrumentos de avaliación que permiten valorar os distintos grados de realización das aprendizaxes:<ul style="list-style-type: none"><li>• Actitude.</li><li>• Probas escritas: exercicios de expresión escrita (diarios, contos, artigos periodísticos...).</li><li>• Probas lectoras: cuestionarios de comprensión lectora.</li><li>• Probas orais: dramatizacións, debates, charlas.</li><li>• Caderno: presentación, organización e limpeza do mesmo.</li></ul></li></ul> <p>Observación diaria: valoración do traballo diario.</p>

<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final de curso dependerá da:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración do resultado académico acadado durante a primeira e a segunda avaliación máis do resultado da realización de tarefas de repaso, reforzo, recuperación e, ou, ampliación durante o terceiro trimestre.</li> <li>- O traballo do terceiro trimestre será valorado en función dos procedementos e instrumentos mencionados con anterioridade.</li> </ul>
----------------------------	---

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>O desenvolvemento das actividades estrutúrase arredor das catro destrezas básicas da comunicación oral e escrita:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Ler: lectura de libros de ficción da biblioteca do colexio e de textos provenientes de diversas fontes: libro de texto, contos escritos polo alumnado do centro, diarios, cartas, cuestionarios de competencia lectora, Internet...</li><li>• Escribir: creación de textos literarios, diarios, cartas, redaccións, exercicios do libro de texto...</li><li>• escoitar: explicación dos contidos impartidos durante as videoconferencias realizadas co mestre e co resto do alumnado da aula, cuestionarios de comprensión oral, visionado de documentos audiovisuais elaborados polo alumnado e de curtametraxes educativos...</li><li>• Falar: exposición de traballos realizados mediante videoconferencias ou a través de arquivos enviados por teléfono ou subidos á plataforma Edmodo, dramatizacións...</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o alumnado ten conectividade e está en contacto co profesorado a través da plataforma Edmodo, dos blogs que utilizamos (o de aula, o blog de biblioteca e o do colexio), por teléfono (teñen o número persoal dos docentes) e mediante unha videoconferencia semanal co profesorado e co resto do alumnado da súa aula.
<b>Materiais e recursos</b>	Os recursos físicos dos que dispoñen son libros de texto, de lectura, cadernos e dispositivos electrónicos.



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informaremos ás familias a través dos blogs do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.